

Cotula coronopifolia L.



Familia: Compositae

Descrición: Planta anual. Talos prostrados, con follas alternas sen pecíolo de 2-5 cm. As inflorescencias son capítulos hemisféricos, solitarios, de 5-10 mm de diámetro. Sen flores liguladas, todos os flósculos dun amarelo intenso. Aquenios de dous tipos, os externos alados e comprimidos, os internos maiores e convexas.



Cotula coronopifolia L. A Guarda (Pontevedra).

Lugar de procedencia: Rexión do Cabo, Sudáfrica.

Propagación: Reprodución vexetativa por enraizamento dos talos que se fragmentan con facilidade. Tamén se ten descrito reprodución por semente.

Comportamento e problemática: Especie moi estendida que pode cubrir amplas zonas por alteración das zonas de marisma, formando unha comunidade case monoespecífica e competindo, polo tanto, coas especies nativas polos recursos, entre outras diferentes especies de interese especial destes hábitats.

Introdución: Accidental, coñécese a súa existencia en Galicia desde finais do século XIX.

Hábitats en que aparece: Comunidades costeiras de marisma, xunqueiras de *Carex extensa* e *Juncus maritimus* e comunidades pioneiras de marisma de *Arthrocnemum perenne* e *Spergularia marina*.

Distribución en Galicia: Toda a zona costeira galega con importancia nas áreas máis extensas de marisma, como o estero do Miño, A Lanzada, Corrubedo, Betanzos, Ortigueira, etc.



Outras especies: *Cotula australis* L. é un pequeno terófito orixinario de Australia e Nova Celandia que se detectou nalgúns puntos de Galicia como Vigo, Pontevedra, Santiago de Compostela ou A Coruña en zonas máis ou menos alteradas.

» Mecanismos de control

Control mecánico: A única posibilidade de aplicar un control mecánico sería mediante o arranque manual. Neses caso será moi importante que non quede ningún fragmento no terreo, xa que enraizaría. Este traballo é moi laborioso polo hábitat en que se atopan.

Control químico: O control químico desta invasora é unha tarefa moi delicada. A pesar de que existen en España produtos rexistrados para o uso en zonas húmidas, este vai ter un risco para as plantas nativas e, polo tanto, é desaconsellable, xa que é difícil evitar que outras plantas se vexan afectadas por ese tratamento. Quizais o seu uso se podería considerar cando a planta cobre superficies amplas e monoespecíficas. Nestes casos sería recomendable realizar tratamentos puntuais, preferentemente no centro da poboación.

Control biolóxico: Na actualidade non existe ningún axente para o control desta planta.



Cotula coronopifolia L. Colonización de zona alterada en marisma. A Guarda (Pontevedra).

Bibliografía: Valdés Bermejo, 1981; Soñora, 1991: 100.